

### **"UN DÍA DE CHIPIRÓS":**

Era un dia de setembro, nublado, e ademais sen vento, era un día perfecto na mellor época do ano para coller uns bos quilos de "chipirós".

Eu e un amigo collemos o bote, arranchamos velas, puxemos os toletes na chumbanceira, os estrobos e os remos e bogamos e bogamos ata chegar ó Cabezo, pois unha aposte bastante arriscada, xa que os máis veteranos e langráns, como Higinio ou o Sevilla entre outros, andaban cerca da Area da Vaca ou en Mondelo. Pero non nos preocu-pamos e botamos as poteiras ó mar, estas poteiras eran verdes cun peixe poteira máis arriba, enganchado cun xiratorio, nunca puiden imaxinar o que ía acontecer, xa que non levabamos gran cousa ata que:

-*¡¡ NO!!* - dixen eu, -¿Que carallo é isto?

-Tranquilo, alá por el a modo.-dixome o meu amigo.

A miña poteira estaba a media auga pero aínda así costoume moito alala, ata que por fin cando só quedaba un metro ou dous contempléi a lura máis grande que vira na miña vida, o meu amigo botoulle o gancho e aínda así sufrimos o noso para metela a bordo, ó chegar ó porto fómola pesar e a moi condenada pesaba 30 kg, **¡pedazo bicho!**

**¡¡¡R!!!!NG!!!!--¡¡¡R!!!!NG!!!!**

Eran as 6.00 da mañá e o Chani despertábame para ir pescar; o meu sono rematara.

Antonio Vieira (1ºA)

